



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**CEIP de CULLEREDO**

Av.de Rutis s/n  
15174 Culleredo – A Coruña  
Telf. 881960920  
[ceip.culleredo@edu.xunta.es](mailto:ceip.culleredo@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipculleredo>

## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR CIRCULAR INFORMATIVA**

De acordo co calendario establecido pola Xunta Electoral, o próximo **día 13**, martes, en horario de **17,00 a 20,00 horas**, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio.

Os candidatos/as, segundo as solicitudes chegadas, son os seguintes:

Don Ángel Manuel González Naya  
Dna. Inmaculada González Piñeiro  
Don Francisco Javier Castro Barbeito  
Don Óscar Raúl Mesejo Pose  
Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Fariña Vara

Recordamos que para participar na referida votación, procederase da seguinte forma:

### **1º.- Quen pode votar.**

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

### **2º.- Modo de emitir o voto.**

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz **1 nome** da candidata ou candidato relacionados, e deberá acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación, procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo martes, 13 de novembro, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Culleredo, 9 de novembro de 2018

A DIRECTORA DO CENTRO

Asdo.: Eladia Cabanas Fernández